

AS CONTRADIÇÕES DUNHA ALTERIDADE NON RESOLVIDA: ALGUNHAS SONDEXES NAS RELACIÓNS TEATRAIS DA GALIZA COA LUSOFONÍA¹

Carlos-Caetano Biscaíño-Fernandes

Grupo ILLA – Universidade da Coruña

Sensíbel aos paradoxos da situación identitaria galega, Castelao incluía no seu álbum *Nós* (1931) unha estampa en que, baixo a epígrafe *Na veira do miño*, un neno pregunta ao seu avó: “E os da banda d’alá son máis estranxeiros que os de Madrí?”. Significativamente, o texto da estampa conclúe cun ambiguo “Non se soupo o que lle respondeu o vello”. É intención deste estudio ponderar o mantemento ou superación desa indefinición nun ámbito concreto: o campo teatral². Para iso, realizáranse algunhas sondaxes nos relacionamentos teatrais da Galiza co mundo de expresión portuguesa desde o renacemento da cultura galega no século XIX até a actualidade, co obxectivo de determinar até que punto se mantén a alteridade e as consecuencias que, eventualmente, poda ter para o sistema teatral galego.

Marco conceptual

A existencia dun (poli)sistema³ cultural autónomo e diferenciado precisa da cohesión socio-semiótica do grupo que o sustenta, isto é, “un sentimento amplamente estendido de solidariedade, de estreita unidade entre un grupo de persoas, unha situación que, en consecuencia, non precisa unha conducta imposta pola simple forza física”⁴. Esta cohesión socio-semiótica será a que determine un “nós” en oposición a diversos “outros”.

Entre os elementos que propician a cohesión do grupo podemos citar a asunción dun pasado mítico, a identificación con certos elementos repertoriais (as horas das comidas, a orde dos días da semana e un longo etcétera), o establecemento e difusión dun *canon*, a definición de

¹ Este traballo forma parte do proxecto de investigación FFI2009-08619 ‘Recuperación do Patrimonio Teatral Galego (1880-1923)’ subsidiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación do Goberno de España.

² Para o concepto de “campo”, vid. Bourdieu, Pierre, “Le capital social”, *Actes de la Recherche en Sciences Sociales* n. 31 (1980), pp. 2-3; Bourdieu, Pierre, *Le sens pratique*, Paris, Ed. De Minuit, 1980, et Bourdieu, Pierre, *Réponses*, Paris, Seuil, 1992.

³ Para o concepto de “(poli)sistema”, vid. Even-Zohar, Itamar, “Introduction”, “Polysystem Theory” et “The ‘Literary System’”, *Poetics Today* 11 (1990), pp. 1-6; 9-26; 27-44.

⁴ Even-Zohar, Itamar, “Planificación da cultura e mercado”, *Grial* 126, v. XXXIII (1995), pp. 188.

alteridades compartidas... En resumo, a identificación cuns materiais, normas e modelos que nos diferencian doutros grupos sociais⁵.

Entre eses materiais, normas e modelos que se asumen para construír un corpus diferencial, hai algún(s) que se coloca(n) como baliza(s) para delimitar a produción cultural dun sistema, sinalando cando un produto pertence ou non ao mesmo. Seguindo ao profesor Torres Feijó⁶, denomináremolo(s) norma(s) sistémica(s). Habitualmente é colocada como norma sistémica a lingua. Tamén no caso galego, en que desde os primeiros estadios da constitución do sistema cultural se teimou por definir a lingua propia da Galiza como norma sistémica específica.

A definición dos outros (“alteridade” versus “ipseidade”) deriva do corpus identitario diferencial, e moi especialmente da caracterización da norma sistémica. O “nós” delimitáse fronte a varios outros, definidos á súa vez por normas sistémicas e elementos identitarios diferentes dos “nosos”. Estabelécense así uns *ipsi* fronte a varios *alteri*⁷.

Con todo, non podemos esquecer que nas sociedades contemporáneas varios sistemas poden concorrer polo mesmo espazo social e que un elemento pode formar parte de varios sistemas —aínda que poda ter un diferente grao de centralidade⁸.

Nos casos de concorrencia de sistemas nun mesmo espazo social, denominaremos “referente de oposición” ao “sistema A” (agresor, forte, asimilador...) que ameaza coa absorción ao debilitado “sistema B” que se quere reconstruír. Así, entre os diferentes “outros” que se opoñen ao “nós” emerxente que teima por consolidar a súa cohesión dunha sociedade, o “referente de oposición” estará conformado polos materiais, normas e modelos do sistema forte cos que compite.

Lembremos, ademais, que un sistema cultural emerxente adoita ser un sistema cultural en construción —ou reconstrución—, o que implica a existencia de carencias ou ocos que se desexan corrixir, en moitas ocasións a través da importación de materiais, normas e modelos

⁵ Vid. Even-Zohar, *Poetics...*, *op.cit.*

⁶ Torres Feijó, Elias, “Contributos sobre o obxecto de estudo e metodoloxía sistémica. Sistemas literarios e literaturas nacionais”, in Abuín, A. et Tarrío, A. (coords.), *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da Península Ibérica*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2004, pp. 429-430.

⁷ Empregamos *alteri* —e non *alii*— para significar o feito de que cada grupo diferente do noso é establecido nunha relación de oposición entre pares. Referímonos, con este termo, a cada sociedade cohesionada a partir doutros elementos identitarios, incluída a norma sistémica, fronte á nosa.

⁸ No caso da Galiza, concorren os sistemas culturais galego e español —pensemos, por exemplo, no ámbito literario, onde compiten polo espazo social as redes de relacionamento que teñen como norma sistémica as linguas galega e española, respectivamente— e, no ámbito das artes escénicas, unha actriz como Blanca Cendán ocupa un lugar bastante central no sistema teatral galego —desde 2010 é directora do Centro Dramático Galego— e moi marxinal ou periférico no correlato español.

doutro sistema. Even-Zohar explica a partir da denominada “lei de proliferación” a perentoria necesidade dos sistemas de dotarse, na procura de autosuficiencia, dun crecente número de posibilidades repertoriais alternativas, para o que poden recorrer ás importacións⁹.

Se as transferencias realizadas para suplir as carencias repertoriais dun sistema teñen orixe no seu referente de oposición, diminúe a diferenza entre ambos os corpus identitarios e aumenta, así, a ameaza de rexionalización ou subsistematización. Se, polo contrario, as transferencias proceden dun sistema diferente do referente de oposición, corríxense as carencias sen ameazas importantes de absorción. Falamos entón de transferencias intersistémicas nutricias (correctoras de déficits), fronte as transferencias intersistémicas ameazadoras (que debilitan o sistema propiciando a subalternidade respecto do correlato que o ameaza).

Se a situación da lingua (norma sistémica) é tal que precisa transferencias intersistémicas para a definición do seu estándar, será definitiva a elección do sistema orixe do transvasamento, pois as realizadas desde o referente de oposición farán máis débil o sistema meta ao anular as diferenzas entre a norma do sistema ameazado e a do agresor. Desta maneira, no caso da Galiza, as transferencias intersistémicas para a configuración do estándar lingüístico do galego realizadas desde o español farán peligrar a propia autonomía do sistema cultural substentado sobre esa norma sistémica, o que non acontecerá coas importacións lingüísticas realizadas desde outros sistemas que non son o de oposición.

O relacionamento con Portugal –e, por extensión, coas sociedades de expresión portuguesa (que recolleremos no termo “lusofonía”¹⁰)– ten sido un *desideratum* para os defensores dun sistema cultural galego autónomo. Entendían que, ademais de resolver as carencias e encher os ocos sistémicos, o feito de que as transferencias se realizasen desde o mundo de expresión portuguesa protexería o sistema galego dos perigos de absorción por parte do seu referente de oposición. Tras esta visión subxacen dúas ideas. En primeiro lugar, que os materiais, normas e modelos (tamén a norma sistémica) que cohesionan o grupo social galego están fondamente castelanizados e para a consecución dun corpus diferencial galego cómpre a súa

⁹ Vid. Even-Zohar, “Polysystem theory”, *Poetics...*, *op. cit.*, p. 26.

¹⁰ Somos conscientes que “[...] a idea lusófona está lonxe de congregar adhesións xerais, incluso en Portugal” (Castro, Ivo, “Galiza no espazo cultural e simbólico da Lusofonia”, *Grial* n. 180 (2009), p. 82), porque adoita asociarse con ideoloxías pos-colonialistas: “[...] non vai máis alá dun proxecto historicamente adulterado, sen ningunha simbiose co imaxinario dos angolanos e dos mozambicanos [...] todo o máis, un mito para Portugal e as súas elites, reflexo talvez dun saudosismo pola perda do Imperio” (Pacheco, Carlos, “Lusofonía e regimes autoritarios em África”, *Público* (3-2-2000), p. 10). Neste estudo, sin embargo, emprégase o termo lusofonía para facer referencia á “[...] esfera de comunicación e comprensión determinada polo uso da lingua portuguesa coa xenealoxía que a distingue entre outras linguas románicas e a memoria cultural que, consciente ou inconscientemente, a ela se vincula” (Lourenço, Eduardo, *A Nau de Ícaro seguido de Imagem e Miragem da Lusofonia*, Lisboa, Gradiva, 1999, p. 159).

regaleguización. En segundo lugar, que, por razóns históricas, o recurso ao corpus portugués dota ao noso sistema de xenuinidade. Ademais, desde os primeiros estadios da constitución dunha rede de relacións autónoma e cunha norma sistémica específica, os axentes involucrados nese proceso procuraron perentoriamente a lexitimación do sistema —isto é, unha razón de ser diante do español, sempre disposto a asimilalo— e, con frecuencia, unha destas vías foi a reintegración cultural galega na lusofonía.

Desta maneira, a cultura lusófona conformábase en “referente de reintegración”¹¹ e minorábase, en consecuencia, a alteridade dos galegos a respecto dos portugueses —e, por extensión, do mundo de expresión portuguesa—, xa que as transferencias para un sistema emerxente que constrúe a súa definición serven mesmo para o delimitar e caracterizar¹².

A seguir, analizaremos cal foi a disposición para as transferencias desde Portugal e o mundo de expresión portuguesa en diferentes momentos do sistema, centrándonos especialmente no campo teatral.

Seculo XIX até 1882

Estamos nun momento de emerxencia da conciencia lingüística e nacional, cuxo principal ideólogo é Manuel Murguía, quen afirma a unidade lingüística galego-portuguesa —“[...] a lingua galega, unha coa portuguesa [...]”¹³— e que o portugués “non é outra cousa que o galego literario”¹⁴, pois a lingua da Galiza tivo “un completo desenvolvemento no portugués”¹⁵. Apréciase, pois, en Murguía unha vontade de superar na Galiza a forte alteridade con Portugal proxectada desde a cultura española. Ademais, segundo explica Freixero Mato, o patriarca galego “fundamenta a emerxencia lingüística na proxección do

¹¹ Termo recollido de Torres Feijó, Elias, “Norma lingüística e (inter-)sistema cultural: o caso galego”, in J. M. Carrasco González et alii (eds.) *Actas do Congreso Internacional de Historia y Cultura en la Frontera – I Encuentro de Lusitanistas Españoles*, v. 2, Cáceres, Universidad de Extremadura, 2000, pp. 967-996.

¹² “Se o relacionamento entre elementos de distintos sistemas coloca ineludiblemente unha interrogación sobre o propio, en casos de sistemas emerxentes, fracos na súa xénese e en construción da súa definición, a importancia do relacionamento extra-sistémico é substantiva, porque as transferencias do sistema-meta (aquí o portugués) poden preencher as lagoas sistémicas do sistema-orixe (aquí o galego), mesmo aquelas que serven para o delimitar e caracterizar” (Torres Feijó, Elias, “Portugal, para que? Para unha interpretación do cópous identitario galego: potencial e carências no relacionamento galego-português”, www.agal-gz.org, último acceso 12-1-2011).

¹³ Risco, Vicente, *Manuel Murguía*, Vigo, Editorial Galaxia, 1976, p. 181.

¹⁴ Murguía, Manuel, *Historia de Galicia*, v. 1, Bilbao, Gran Enciclopedia Vasca, 1979, p. 315 (recollido de Hermida Hermida Gulías, Carme, “Galego e portugués durante o século XIX (1840-1891)”, in Lorenzo Vázquez, R. e Álvarez Blanco, R. (coords.) *Homenaxe á profesora Vázquez Cuesta*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1996, p. 112).

¹⁵ Murguía, Manuel, *Historia ...*, *op. cit.*, p. 317 (recollido de Hermida Gulías, C., “Galego...”, *op. cit.*, p. 112).

galego non só en Portugal senón tamén no Brasil, argumento de que se serve para o tentar prestixiar”¹⁶.

Carme Hermida¹⁷ lembra que na convocatoria dos primeiros Xogos Florais da Coruña, celebrados en 1861, Antonio de la Iglesia xustificaba a existencia dun premio para unha composición galega pola extensión da lingua, falada “no seu actual uso con lixeiras variantes, por máis de once millóns de persoas”¹⁸. Como sinala a propia Hermida, trataríase dunha “cifra inexplicable se non estaban incluídos nela os habitantes de Portugal”¹⁹.

No ámbito teatral, antes de 1882 encontramos unicamente manifestacións populares con forte prevalencia da oralidade e sen pretensións literarias —moito menos, de crear unha literatura dramática propia diferenciada da española— e algúns textos teatrais bilingües²⁰, cuxos autores “emplean un gallego desfigurado, bárbaro y lleno de disparates con objeto de provocar la risa del público indocto [...]”²¹.

Non podemos falar, pois, de transferencias do sistema teatral portugués ao galego neste período: aínda non se producira a emerxencia da actividade dramática galega e, por tanto, non podían estar identificados na nova rede de relacións os déficits que poderían ser corrixidos mediante as importacións desde outros sistemas.

Tránsito intersecular (1882-1916)

Co movemento rexionalista de finais do século XIX, que colocou a “lingua como auténtico sinal de identidade colectiva dunha nacionalidade”²², consolídase a conciencia de que era posíbel un sistema cultura galego autónomo, con identidade diferenciada e que se expresase na lingua propia. Os representantes deste movemento —unha de cuxas correntes lideraba o propio Murguía— defenderon a especificade cultural de Galiza e loitaron contra a visión deturpadora que a tradición castelá mantiña dos galegos.

¹⁶ Freixeiro Mato, Xosé Ramón, “A emerxencia da conciencia lingüística (galego-portuguesa-brasileira) en Murguía e Castelao” en *Estudos Galego-Brasileiros 2*, A Coruña, Universidade da Coruña, 2006, p. 273.

¹⁷ Hermida Gulías, Carme, “Galego...”, *op. cit.*, p. 112.

¹⁸ Iglesia, Antonio de la, “Memoria del secretario”, en *Album de la Caridad. Juegos florales de la Coruña en 1861, Coruña, Impr. del Hospicio Provincial*, 1861, p. 44.

¹⁹ Hermida Gulías, Carme, “Galego ...”, *op. cit.*, p. 112.

²⁰ Vid. Tato, Laura, *Historia do teatro galego. Das orixes a 1936*, Vigo, A Nosa Terra, 1999, p. 23.

²¹ Carré Aldao, Eugenio, *Memoria crítico-bibliográfica del teatro regional* (manuscrito datado na Coruña en 1913), arquivo particular.

²² Máiz, Ramón, *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*, Sada, Edicións do Castro, 1984, p. 281.

No relativo á arte dos escenarios, existía neste momento unha vontade decidida de conformación dunha tradición teatral culta especificamente galega e coñecéronse iniciativas de constituír colectivos estábeis que producisen espectáculos galegos —Escola Rexional de Declamación (1903-1905), Escola Dramática Galega (1908).

As tentativas de definición do estándar lingüístico do galego realizáronse fundamentalmente desde a práctica da escrita e os dramaturgos mantiveron diferentes visións sobre o grao de alteridade co mundo lusófono.

No texto inaugural do teatro galego contemporáneo —*A fonte do xuramento*, de Francisco María de la Iglesia, estreada e publicada en 1882— o autor mostrábase partidario dunha ortografía etimolóxica, se ben “a facilidade con que se confundían nos ensaios os encargados de representar este drama, obrigáronme a empregar o x en xeral nos casos en que debía escribir con g ou j”, segundo indicaba nunha “Advertencia” inicial. Por esta mesma razón, optou por deixar constancia desde o texto do maior número de trazos caracterizadores da prosodia galega, para que esta non se vise gravemente falseada polos intérpretes, castelán falantes. Este modelo de lingua escrita tería un grande predicamento nos autores posteriores.

Con todo, o “referente de reintegración” que podía representar a lingua portuguesa foi posto de relevo por Lugrís Freire, un dos dramaturgos de máis éxito nos inicios do século XX²³.

Segundo Lugrís, as debilidades da norma sistémica que xa sinalara Murguía —”¡O noso idioma! o que falamos nosos pais e vamos esquencendo, o que falan os aldeáns e estamos a punto de non entendelo”²⁴— podían ser corrixidas bebendo do portugués, polo menos no que á escrita se refire.

Mais houbo realmente transferencias significativas desde o mundo portugués na actividade escénica galega destes anos? Na verdade, existía un importante ruído de fondo no relacionamento con Portugal que dificultou calquera tipo de transferencia. Os intérpretes do teatro galego deste período eran fundamentalmente urbanos, con limitada competencia en lingua galega e escolarizados en español, de maneira que tiñan interiorizada a forte alteridade que o sistema español mantén co portugués. Ademais, neste período representábase teatro costumista, social ou de tese, con personaxes populares e ambientada no medio rural,

²³ Nunha carta datada o 3 de maio de 1928 explicábalo ao artista gráfico Álvaro Cebreiro: “Escríbolle con grafía portuguesa polo razón de que agora a mocidade galega fai tal xeito de modificacións que creo que debemos voltar os nosos ollos ao portugués, xa que non hai medio de que concordemos na escritura. Non imos, de certo, en mala compañía, aínda ue algúns dixesen que isto non é patriótico” (transcrito por Monterroso Devesa en *Agália* 22 (1990), pp. 236-237).

²⁴ Risco, Vicente, *Manuel...*, op. cit., p. 78.

circunstancias que non favorecían especialmente a permeabilidade respecto da literatura dramática portuguesa. A tradición secular de vivir de espaldas a Portugal²⁵ continuou na práctica teatral deste período e mantívose, por tanto, unha forte alteridade coa cultura de expresión portuguesa.

Resulta moi reveladora das consecuencias desta ideoloxía sobre a visión do “noso” por parte dalgúns galegos, a reacción que Uxío Carré recolle de certos “escritores pulcros y atildados al escribir en castellano” pero que “se convertían en verdaderos bufones al usar el gallego” —“habían escrito y debían seguir escribiendo en su gallego acomodaticio, supliendo voces gallegas que desconocían por las castellanas galleguizadas”²⁶— diante das solucións lingüísticas modernizadoras e galeguizadoras dos autores da “Escola coruñesa”, aos que tildaban de lusistas²⁷.

Das Irmandades á guerra civil (1916-1936)

Na etapa nacionalista que se abre en 1916 coa creación das Irmandades da Fala non só tivo unha forte presenza pública a retórica sobre o irmanamento con Portugal, senón que o relacionamento co país veciño se manifestou por primeira vez “dunha forma sistemática”²⁸. Co paréntese da ditadura de Primo de Rivera (1923-1930), o período que vai de 1916 até o golpe de Estado de 1936 foi un momento en que a cultura galega mostrou unha crecente permeabilidade para as transferencias do mundo lusófono.

Xa na primeira Asemblea das Irmandades, celebrada en Lugo de 1918, Antón Vilar Ponte defendera a superación da alteridade con Portugal, posto que o país veciño era o garante da galegitude do proxecto sistémico alternativo ao español²⁹. Fronte aos que abrigasen o temor

²⁵ Neste sentido, Elias Torres sostén que “a construción da Galiza contemporánea está feita, en boa parte, por afastamento de Portugal, deliberadamente ou non, porque está feita sobre a base do borrado da súa construción identitaria. Como consecuencia, moitos dos potenciais elos de unión socio-culturais (incluído aquí desde a lingua e os seus usos ás normas de comportamento e hábitos colectivos) están españolizados” (Torres Feijó, Elias, “Portugal, ..., *op. cit.*, p. 4).

²⁶ Carré Aldao, Eugenio, *Literatura Gallega*, Barcelona, Casa Editorial Maucci, 1911, pp. 93-94.

²⁷ “El revuelo fue grande, entre los tenidos hasta entonces por maestros. Fue de oír lo que se dijo contra os que venían decididos á volver por la pureza y elegancia del lenguaje. Verdaderas enormidades, que provocarían á risa sino dieran tristeza por el atraso intelectual que acusaban, vieron la luz, no siendo la menor la de quienes á los restauradores de la pureza del idioma tildaron de aportuguesados y á las voces de más pura cepa gallega, sólo porque ellos las desconocían y no la encontraban en los deficientes léxicos, no tuvieron inconveniente en tildar de lusitanismos, antes que confesar su ignorancia en la lengua de sus padres” (*Ibid.*, p. 94).

²⁸ Villares, Ramón, *Portugal e o galeguismo*, conferencia pronunciada en Vilagarcía o 25 de xaneiro de 2002 no marco da III Conferencia Plácido Castro, accesíbel en <http://www.igadi.org/> (último acceso en 12-1-2011).

²⁹ Vilar Ponte, Antón, *Pensamento e Sementeira*, Buenos Aires, Ediciones Galicia, 1971, p. 211.

da rexionalización do sistema galego no interior do luso, a proposición de Vilar Ponte levaba o significativo título de *Pangaleguismo* e achegaba a seguinte conclusión:

Galiza e Portugal estreitadas ao fin supoñerían unha expansión cultural de idioma diferente do castelán tan extensiva cuase como a diste na península e camiño de rivalizar tamén na América, con o baluarte do Brasil, sinificando a redenzón do noso espírito para colaborar por nós mesmos, con todas as esenciais naturaes da nosa raza, no superior comunismo da cultura universal [...] ³⁰

Entre os diferentes posicionamentos que se deron nesta altura sobre como se debía conformar a norma sistémica —producíronse intensas polémicas na prensa diaria, por exemplo, sobre a ortografía que debía adoptar o galego—, foron frecuentes os que defendían un achegamento do galego ao portugués, posto que finalmente non eran máis que dúas variantes da mesma lingua ³¹. Tamén foron habituais as demandas dun acordo ortográfico que propiciase a unificación gráfica de ambas variedades ³².

Esta crecente proxección da *ipseidade* sobre a realidade cultural de Portugal deuse tamén no campo teatral galego. Para facilitar as transferencias desde a literatura dramática do outro lado do Miño, Vilar Ponte publicou recensións de pezas portuguesas en *A Nosa Terra* e Rafael Dieste animaba aos colectivos dramáticos da Galiza a representaren teatro luso ³³. Na mesma liña, Fernández del Riego propuña en 1934 recorrer a Gil Vicente mentres non se escribise o teatro que Galiza precisaba. A ponencia das Mocidades na Asemblea do Partido Galeguista de 1935 recollería esta idea ³⁴.

³⁰ Ibid. p. 213.

³¹ Para Risco, por exemplo, “[...] galego e portugués son dous dialectos d’unha mesma lingua [...]” (Risco, Vicente, “Seición pedagóxica”, *Nós* 7 (1921), p. 11) e Dieste falaba de lingua franca (Dieste, Rafael, “Cara á língoa franca galaico-portuguesa”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 23-1-1926). “Galiza considera o portugués como o galego nazionalizado e modernizado”, diría Vilar Ponte (ibid. p. 211) e Dieste afirmaría igualmente: “Existe entre o galego e mais o portugués tan estreita afinidade que cando máis portugués é o portugués e máis galego é o galego, mais veñen a se asemellar” (Dieste, Rafael, *Antre a terra e o ceo*, Sada, Ediciós do Castro, 1981, p. 34. Castelao engadiría que “[...] aínda que os ouvidos galegos estrañen as voces portuguesas non por eso deixan de ser voces nosas, voces galegas...” (Castelao, *Sempre en Galiza*, Bos Aires, As Burgas, 1944, p. 347).

³² Así se podía ler no *Vocabulario Castellano-Gallego de las Irmandades da Fala* editado na Coruña en 1933: “[...] todos estamos obrigados a trabajar para que, en un próximo futuro, se llegue a una unificación lo más completa posible en la ortografía gallega por parte de nuestros escritores, hasta conseguir incluso identificarla con la portuguesa en la mayoría de los casos, toda vez que se trata, al fin y al cabo, de una misma lengua [...]”. “[...] su unificación es tan fácil, si no más, que la realizada por flamencos y holandeses [...]”, comentaba Antón Vilar Ponte (Ibid. p. 346), e mesmo desde a revista *Nós* se celebraban estas iniciativas: “Nós [...] non pode por menos de acoller con entusiasmo as iniciativas do Dr. Rodríguez Lapa, mesmo a idea qu’apunta d’un acordo luso-galaico pr’a reforma ortográfica, para nós tan indispensábele» (*Nós* 115, 1933, p. 73).

³³ “[...] en portugués eisiste unha produción dramática d’abondo intensa pra que poidamos faguer n’ela unha boa escolma. O teatro portugués ten pra nos a ventaxa de que non é mester traducilo. Abonda que os actores, ó adprenderen os papés, fagan os troques de pronunciación que sexan mester. Si algunhas substitucións conveñen, han de ser poucas, e non fai falla traductor que as faga. Os actores poden faguel-as pol-a sua conta” (Dieste, Rafael, “O teatro galego i-o teatro portugués”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 16-1-1926).

³⁴ Vid. Tato, Laura, *Historia...*, op. cit., p. 146-147.

E, efectivamente, producíronse as transferencias desde o sistema teatral do “referente de reintegración”. O programa inaugural do Conservatorio Nacional de Arte Galega, en 1919, incluía a peza *Uma anedota*, do portugués Marcelino Mesquita, ao lado da estrea de *A man de Santiña*, de Ramón Cabanillas. Da mesma maneira, o cadro de declamación da Irmandade que sucedeu ao Conservatorio estreou pezas de Júlio Dantas, Castro Soromello, Lourenço Roussado, Santos Júnior, Ernesto Rodrigues, Júlio Howorth e Baptista Dinis³⁵. Houbo, ademais, certo *feedback* entre dramaturgos de un e outro lado do Miño, como cando en 1934 Castelao leu *Pimpinela* a Teixeira de Pascoaes.

Refundación do teatro galego (1965-1990)

A ditadura franquista supuxo décadas de forte castelanización de materiais, normas e modelos promovida pola ditadura franquista. Cando a finais da década de sesenta e comezos dos setenta se reanuda a actividade escénica galega, os axentes involucrados na recuperación cultural e a reconstrución de elementos identitarios encontráronse, máis unha vez, coa necesidade de solventar os déficits que o incipiente e exíguo sistema teatral —e, por extensión, cultural— presentaba.

No relativo á norma lingüística, desde a publicación pola Real Academia Galega das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, en 1971, a polémica ortográfica recupérase e recrudécese no que se deu en chamar o “conflito normativo” entre os autonomistas —que defenden a *alteridade* tanto con respecto do español como do portugués— e os reintegracionistas —que propugnaban o valor de referente de reintegración do portugués³⁶. Desde este momento, a oficialidade lingüística non pareceu identificar claramente un referente de oposición e proscribiu igualmente —cando non máis intensamente— os denominados “lusismos” que os castelanismos. No groso do corpo social non sempre é percibido o risco de dialectalización no español e, polo contrario, os máis interesados na negación da reconstrución identitaria galega alertan insistentemente sobre un suposto risco de absorción ou rexionalización en Portugal.

O movemento refundacional do teatro galego iniciado a finais da década de sesenta e nacido da contestación antifranquista e o reencontro coa reivindicación nacional³⁷ manteivo intensos

³⁵ Ibid., pp.

³⁶ Vid. Freixeiro Mato, Xosé Ramón, *Lingua galega. Normalidade e conflito*, Bertamiráns, Laiovento, 2002 (1997).

³⁷ Contra o “clima de opresión nacional” (Lourenzo, Manuel, “La salida del callejón”, *Pipirijaina* 6 (1978), p. 27).

contactos co teatro independente peninsular, incluído o portugués. Igualmente, desde a década de setenta foi habitual a participación de colectivos galegos no Festival Internacional de Teatro de Expressão Ibérica do Porto e mesmo o festival de teatro de Cariño celebrouse durante un tempo baixo o nome de Mostra de Teatro Galaico-Portugués.

Non obstante, as transferencias entre ambas dramaturxias foron limitadas. Como exemplo, nas oito edicións da Mostra de Teatro de Ribadavia (1973-1980) —festival anual que serviu de factor aglutinador do movemento de recuperación teatral que fora xurdindo por toda Galiza—, os colectivos galegos unicamente representaron tres textos de autores portugueses ou brasileiros³⁸, fóra dos realizados pola única compañía portuguesa participante (Seiva Troupe, en 1979). E aínda que algún colectivo, como a Escola Dramática Galega, foi firme defensor da reintegración, até finais dos oitenta tampouco existiron parcerías ou coproducións entre compañías galegas e portuguesas.

A propósito da edición de textos teatrais, o dramaturgo Camilo Valdeorras sostiña en Ribadavia que “acaso la solución esté en abrir mercado por el área galaico-portuguesa o incluso brasileña”³⁹. O teatro galego refundacional mexeuse sempre na indefinición deste “acaso”.

O teatro actual

Na nova etapa que para o teatro galego se abre coa creación en 1990 do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) —desde 2008, Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)—, o discurso da irmandade galego-lusa continuou mantendo a súa presenza pública, aínda que como “[...] unha serie de lugares comuns, de discursos vacíos [...] pobos irmáns, cultura común, pasado (literario) glorioso, pobos unidos polo sentimento da saudade [...]”⁴⁰. Os tópicos concéntranse na lingua e a cultura, mais o achegamento é nomeadamente económico⁴¹ e limitado ao norte de Portugal —eurorrexión Galiza-Norte de Portugal,

³⁸ Entre os máis de cen títulos representados (López Silva e Vilavedra, *Un abrente teatral. As mostras e o Concurso de Teatro de Ribadavia*, Vigo, Galaxia, 2002, pp. 298-304), só procedían das literaturas brasileira ou portuguesa *A barca do enfermo*, de Gil Vicente —representada en 1974 por DITEA—, *Morte e vida severina*, de João Cabral de Melo Neto, interpretada por DITEA en 1975 e por Artello en 1978— e *O mariñeiro e o escolante*, sobre os textos homónimos de Fernando Pessoa e o italiano Nello Saito —en 1980 por DITEA.

³⁹ M. P. C., “Con la generación Abrente”, *Pipirijaina* 8-9 (1978), p. 44.

⁴⁰ Salinas Portugal, Francisco, “A língua e a literatura portuguesas na configuração do campo literário galego”, en Marcos de Dios, Ángel (coord.), *Aula Ibérica. Actas de los Congresos de Évora y Salamanca*, Salamanca, Universidad de Salamanca, 2007, pp. 411-412.

⁴¹ Algúns axentes culturais como a plataforma Ponte nas Ondas critican o desinterese das dúas administracións “por calquera iniciativa que na eurorrexión trata de ir máis aló do ámbito estritamente económico e tente estimular os vencellos sociais e culturais neste contorno” (declaracións do profesor Alexandre Parafita recollidas

Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal, Creativa (Industria Cultural Galicia-Norte de Portugal)...—, demostrando a prevalencia do criterio xeográfico sobre a lingua, da distancia sobre a relativización da ipseidade.

Con frecuencia, ademais, estes intercambios son realizados en español, sen dúbida como consecuencia do estado da identidade dos propios galegos⁴², moi propicios a deixar de lado a súa lingua⁴³, situación que fai que desde Portugal non sempre se valore a proximidade cultural que os galegos reiteradamente colocan como argumento.

Por outro lado, a norma escrita⁴⁴ e os estándares lingüísticos do galego mantéñense moi afastados do portugués, con enormes deturpacións castelanizantes na lingua oral e na escrita.

No campo teatral, o sistema portugués —e, por extensión, a lusofonía— non funcionan realmente como referente de reintegración e, como moito, contéplase como eventual mercado a partir de vagos criterios culturais, históricos ou lingüísticos. O teatro portugués ten moi pouca presenza na programación galega e son moi escasas as transferencias. As colaboracións, igualmente limitadas, concéntranse nas mesmas compañías: Teatro de Ningures (Cangas), Teatro do Noroeste (Viana do Castelo), Centro Dramático Galego e Teatro do Noroeste (Compostela). Como excepción que confirma a regra xeral, temos o caso totalmente illado de Teatro Nu, integrado por intérpretes galegos e portugueses.

O mantemento desta forte alteridade da cultura portuguesa con respecto á galega pode ser explicada pola nula vontade real de consolidación dun polisistema cultural propio e autónomo do español por parte dos sucesivos gobernos conservadores á fronte da Xunta de Galicia, que fai que non se implementen políticas decididas de planificación cultural nesta dirección.

en www.vieiros.com con data 18-10-08 e reproducidas en Cordal Rodríguez, Constantino, “A acción exterior galega e as relacións con Portugal”, *Tempo Exterior* n. 18, 2009, p. 159.

⁴² Lembremos, por exemplo, a representación en 2006 no FIOT de Carballo do espectáculo *O grande criador*, da Companhia do Chapitô, nunha improvisada versión española.

⁴³ Os de fóra valorizan a cultura galega en función de como é valorizada polo pobo galego, segundo explica Gonçalves Vicente: “[...] a minusvaloración, por parte do vendedor, do produto que tenta allear, prexudica as condicións da venda, reducindo o número de compradores e o prezo a que pode ser realizada. Cando o pobo galego está a transmitir a mensaxe de que non valoriza convenientemente a súa cultura [...]”? Por exemplo, cando algunha persoa ou institución emprega a lingua castelá alí onde podería empregar a súa propia [...]» (Gonçalves Vicente, Ángelo, “A cultura galega e o mundo”, *Tempo Exterior* n. 15, 2007, pp. 41-42).

⁴⁴ As relacións lingüísticas vense dificultadas por unha norma ortográfica creada desde a alteridade: “[...] o marco político da norma ortográfica galega ten pouco que ver con aquel dos anos setenta no que se estruturou a norma hoxe vixente. Daquela, os criterios políticos que dominaron na formulación da norma correspondían a unha Galiza encerrada no Estado español, sen ensino nin medios de comunicación públicos en galego, cunha fronteira portuguesa económica e culturalmente fechada. Mais hoxe as circunstancias son distintas” (Beiras Torrado, Xosé Manuel, “A normalización das relacións entre Galiza e Portugal”, *Tempo Exterior* n. 3, 2001)

Dúas das liñas de actuación do Plan Galego das Artes Escénicas 2007-2011 do goberno bipartido de progresistas e nacionalistas (2005-2009) si contemplaban o mundo lusófono. Igualmente, a edición de 2007 da Feira Galega das Artes Escénicas pretendeu abrirse á lusofonía “a partir da premisa de considerar todo o territorio de expresión portuguesa como o espazo natural mais próximo á Galiza tanto cultural como xeograficamente”⁴⁵. Con todo, o Plan foi deixado sen aplicación polo novo goberno conservador que sucedeu ao bipartito e hoxe continuamos sen alcanzar a normal circulación de espectáculos portugueses pola Galiza.

Un caso extraordinario representao as experiencias do Teatragal (1996 e 1997), encontros de reflexión sobre a actividade escénica da Galiza e Portugal organizados polo Teatro de Ningures (Galiza) e o Teatro do Noroeste de Viana do Castelo (Portugal). Con todo, no editorial do primeiro dos dous números da publicación nacida destes encontros —*Ensaio. Revista de Teatro de Galicia e do Norte de Portugal*— deixábase constancia da limitada incidencia dunha iniciativa tan excepcional⁴⁶ e a forte alteridade que pervivía entre os habitantes dun e doutro lado do Miño⁴⁷.

Conclusións

Que os contrarios á suficiencia e autonomía da cultura galega persistan na forte alteridade respecto da cultura de expresión portuguesa e descualifiquen como “lusista” calquera modelo de galego cuidado, culto e estenso⁴⁸, semella ser proba suficiente da función fortalecedora que poden ter as transferencias desde as culturas lusófonas para o sistema galego. Porén, non todos os defensores do sistema e a súa norma interiorizaron o referente de reintegración e pervive un ruído de fondo histórico que afecta á percepción da cultura portuguesa e dificulta a

⁴⁵ Así o recollía o dossier de prensa da Feira, accesíbel no site http://www.agadic.info/mediateca/feiraartescenicadas08/pestana_1_Dossier_Feira_Galega_das_Artes_Escenicadas_07.pdf (última consulta, 12-1-2011).

⁴⁶ “Mais non esquezamos que cun único vimbio non se pode facer un cesto” (“Teatral 96: a primeira pedra”, *Ensaio. Revista de Teatro de Galicia e do Norte de Portugal* n.1 (1996), p. 3).

⁴⁷ Estas son algunhas das opinións que se expresaban a este respecto no primeiro número da revista *Ensaio*: “Moitos foron [...] os atrancos [...]; varias as limitacións, os autoodios, as automarxinacións que vimos reflectindo, como nun espello coa nosa propia imaxe, na veciñanza de outro lado do Miño” (Xosé Manuel Pazos); “Vivimos nun país onde unha porcentaxe elevada da poboación non sabe que é, de onde é e mentres eso sexa así, estaremos en ningures, e dende ningures non se artella nada similar ó que aquí ambiciosamente se estápresentando” (Roberto Vidal Bolaño); “[...] temos deixado pasar o tempo a ollarnos de esguello [...] Pola existencia de barreiras e de obstáculos [...]; mais tamén por fronteiras que persisten e que aínda non tivemos a vontade de derrubar” (José Martins).

⁴⁸ Sirva de exemplo a carta ao director publicada en *La Voz de Galicia* o 25-5-2010 baixo o título “El gallego de Feijóo”, onde o seu autor, Arturo Maneiro, considera que a Mesa pola Normalización Lingüística “[...] usa un gallego un tanto contaminado de lusismo” (accesíbel en http://www.lavozdeg Galicia.es/opinion/2010/05/25/0003_8505731.htm, consulta por última vez o 12-1-2011).

superación dunha alteridade que exclúe a reintegración cultural na lusofonía do discurso identitario galego.

A resolución da alteridade co mundo de expresión portuguesa mantense, así, no paradoxo dun *desideratum* evitado e a a sociedade galega móvese nunha infértil ambivalencia entre o discurso confraternizador e a práctica do afastamento.

Como sinala Xosé Manuel Beiras⁴⁹, ”a superación das barreiras político-administrativas está a producir un achegamento —principalmente económico— entre Galiza e Portugal [...]. Pero unha relación máis fonda, que afecte de xeito substancial ás relacións políticas e culturais, está aínda eivada pola permanencia das estruturas, dos hábitos e das ideoloxías xustificativas dos dos Estados peninsulares, cunha fronteira que dividiu á Gallaecia histórica independente”.

Referencias bibliográficas

- Beiras Torrado, Xosé Manuel, “A normalización das relacións entre Galiza e Portugal”, *Tempo Exterior* n. 3 (2001).
- Bourdieu, Pierre, “Le capital social”, *Actes de la Recherche en Sciences Sociales* 31, 1980a, pp. 2-3.
- Bourdieu, Pierre, *Le sens pratique*, Paris, Ed. de Minuit, 1980b.
- Bourdieu, Pierre, *Réponses*, Paris, Seuil, 1992.
- Castro, Ivo, “Galiza no espazo cultural e simbólico da Lusofonia” *Grial* 180 (2009), pp. 80-89.
- Carré Aldao, Eugenio, *Literatura Gallega*, Barcelona, Casa Editorial Maucci, 1911.
- Carré Aldao, Eugenio, *Memoria crítico-bibliográfica del teatro regional* (manuscrito datado na Coruña en 1913, arquivo particular de Leandro Carré).
- Castelao, *Sempre en Galiza*, Bos Aires, As Burgas, 1944.
- Cordal Rodríguez, Constantino, “A acción exterior galega e as relacións con Portugal”, *Tempo Exterior* n. 18, v. IX (2009), pp. 153-162.
- Dieste, Rafael, *Antre a terra e o ceo*, Sada, Edicións do Castro, 1981.
- Dieste, Rafael, “Cara á língoa franca galaico-portuguesa”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 23-1-1926.
- Dieste, Rafael, “O teatro galego i-o teatro portugués”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 16-1-1926.
- Even-Zohar, Itamar, “Introduction”, *Poetics Today* 11, v. 1, 1990, pp. 1-6.
- Even-Zohar, Itamar, “Polysystem Theoty”, *Poetics Today* 11, v. 1, 1990, pp. 9-26.
- Even-Zohar, Itamar, “The ‘Literary System’”, *Poetics Today* 11, v. 1, 1990, pp. 27-44.
- Even-Zohar, Itamar, “Planificación da cultura e mercado.” *Grial* 126, v. XXXIII (1995), pp.181-200.

⁴⁹ Beiras Torrado, Xosé Manuel, “A normalización...”, *op. cit.*

- Freixeiro Mato, Xosé Ramón, *Lingua galega. Normalidade e conflito*, Bertamiráns, Laiovento, 2002 (1997).
- Freixeiro Mato, X. R. “A emerxencia da conciencia lingüística (galego-portuguesa-brasileira) en Murguía e Castela” en *Estudos Galego-Brasileiros 2*, A Coruña, Universidade da Coruña, 2006, pp. 273-298
- Gonçalves Vicente, Ângelo, “A cultura galega e o mundo”, *Tempo Exterior* n. 15 (2007), pp. 37-42.
- M.P.C. (Moisés Pérez Coterillo), “Con la Generación Abrente”, *Pipirijaina* n. 8-9 (1978), p. 40-44.
- Hermida Gulías, Carme, “Galego e portugués durante o século XIX (1840-1891)”, in Lorenzo Vázquez, R. e Álvarez Blanco, R. (coords.) *Homenaxe á profesora Vázquez Cuesta*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1996, pp.107-119.
- Iglesia, Antonio de la, “Memoria del secretario”, in *Album de la Caridad. Juegos florales de la Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*, Coruña, Impr. del Hospicio Provincial, 1861, pp. 39-48. (Edición facsimilar de Ed. Giner, Barcelona, 1989).
- López Silva, Inma e Vilavedra, Dolores. *Un abrente teatral. As mostras e o Concurso de Teatro de Ribadavia*. Vigo: Editorial Galaxia, 2002.
- Lourenzo, Manuel, “La salida del callejón”, *Pipirijaina* n. 6 (1978), pp. 27-29.
- Murguía, Manuel, *Historia de Galicia*, v. 1, Bilbao, Gran Enciclopedia Vasca, 1979 (edición facsímil da editada pola Librería de Eugenio Carré na Coruña en 1901).
- Lourenço, Eduardo, *A Nau de Ícaro seguido de Imagem e Miragem da Lusofonia.*, Lisboa, Gradiva, 1999.
- Máiz, Ramón, *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*, Sada, Edición do Castro, 1984.
- Pacheco, Carlos: *Lusofonia e regimes autoritários em África*, Público, 3-2-2000.
- Risco, Vicente, “Seición pedagóxica”, *Nós* 7 (1921), pp. 10-12.
- Risco, Vicente, *Manuel Murguía*, Vigo, Editorial Galaxia, 1976
- Salinas Portugal, Francisco, “A língua e a literatura portuguesas na configuração do campo literário galego”, in Marcos de Dios, Ángel (coord.), *Aula Ibérica. Actas de los Congresos de Évora y Salamanca*, Salamanca, Universidad de Salamanca, 2007, pp. 411-420.
- Tato, Laura, *Historia do teatro galego. Das orixes a 1936*, Vigo, A Nosa Terra, 1999.
- Torres Feijó, E., “Norma lingüística e (inter-)sistema cultural: o caso galego”, in J. M. Carrasco González et alii (eds.) *Actas do Congreso Internacional de Historia y Cultura en la Frontera – I Encuentro de Lusitanistas Españoles*, v. 2, Cáceres, Universidad de Extremadura, 2000, pp. 967-996.
- Torres Feijó, Elias, “Contributos sobre o objecto de estudo e metodoloxía sistémica. Sistemas literarios e literaturas nacionais”, in Abuín, A. et Tarrío, A. (coords.), *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da Península Ibérica*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2004, pp. 423-444.
- Torres Feijó, Elias, “Portugal, para que? Para unha interpretación do corpus identitario galego: potencial e carencias no relacionamento galegoportuguês”, accesíbel en www.agal-gz.org (último acceso en 12-1-2011).
- Villares, Ramón, *Portugal e o galeguismo*, conferencia pronunciada en Vilagarcía o 25 de xaneiro de 2002 no marco da III Conferencia Plácido Castro, accesíbel en <http://www.igadi.org/> (último acceso en 12-1-2011).

—, *Vocabulario Castellano-Gallego de las Irmandades da Fala*, A Coruña, Imprenta Moret, 1933.